

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 20 DE ABRIL DE 2015

En Abegondo, a 20 de abril de 2015 sendo as 19 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo.

Asistentes:

- Dona Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Roxín Roxal).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- D. Andrés Rodríguez Pereira, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Grupo Naturalista Habitat).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Juan Manuel Neira Fernández, en representación da *Mesa do sector institucional* (Sociedade Galega de Historia Natural).
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- D. José Francisco Castro Vilariño, asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Isabel Eiriz Naveira. Auxiliar Admva. Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

Preside a reunión a tesoureira da Asociación, Dna. Aida Perez Barredo, actuando de secretaria Dna. María José Crespo Fraga, Confraría de Pescadores de Miño.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A petición do Grupo Naturalista Habitat e da Sociedade Galega de Historia Natural solicitan que quede reflectido na acta da Sesión anterior, a súa disconformidade co nomeamento dalgún membro como representante dunha das áreas do Comité Científico. Aclárase que estes “Coordinadores” de área serán nomeados polo propio Comité Científico.

Apróbase a acta da sesión anterior celebrada o día 9 de marzo de 2015.

2.- SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER

2.1. ENTRADA NOVOS EXPEDIENTES (2014-2015).

O Xerente do Programa LEADER, toma a palabra para presentar aos asistentes as solicitudes de proxectos que teñen entrado no rexistro da Asociación Mariñas – Betanzos.

2.1.1. AMPLIACIÓN SECADOIRO DE MADEIRA EN OZA (L15-41300-29-318)

Con data 30 de marzo de 2015, Maderas Gestal, S.L. solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-318 Secadoiro de madeira en Oza”.

A entidade promotora do proxecto, Maderas Gestal, S.L. é unha empresa familiar que conta cun serradoiro no Concello de Oza-Cesuras dende o ano 1980. A súa actividade é a explotación forestal e o serradoiro. O obxecto deste proxecto promovido por esta empresa consolidada en fase de ampliación, sería a adquisición dun secadoiro de madeira co obxecto de mellorar e axilizar o tempo de espera que se tarda en secar a madeira para a súa posterior transformación, e poder servir máis rapidamente aos clientes.

Investimentos solicitados: secadoiro de madeira. Con este proxecto a promotora non adquire o compromiso de creación de emprego.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413.-Creación, ampliación e modernización de Pemes. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 130.000.- €. O proxecto acadaría unha puntuación de 55 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,50 e unha axuda de 45.500.-€ %.

A partir do 1 de xullo e debido á aplicación do novo mapa de axudas rexionais á porcentaxe máxima de axuda baixaría ao 35% e a axuda máxima por proxecto produtivo da Asociación Mariñas – Betanzos é de 40.000 euros.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2. AMPLIACIÓN IMPRENTA EN ABEGONDO (L15-41300-29-311)

Con data 18 de marzo de 2015, Morás Impresión S.L. solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-311 Ampliación imprenta en Abegondo”.

A entidade promotora do proxecto e a sociedade limitada familiar, Morás Impresión, S.L. constituída no ano 1995, aínda que esta actividade era desenvolvida con anterioridade pola familia. É a única imprenta do Concello de Abegondo e necesita contar con maquinaria máis avanzada para poder competir no mercado actual.

Esta imprenta necesita incrementar a súa produtividade ampliando novos servizos a prestar (edicións reducidas), a custes máis axustados ao mercado. A máquina a mercar é máis rápida, limpiase sola e reduce o número de veces o cambio das planchas polo que poderán incrementar as tarefas, reducir o prezo do produto final e deste xeito competir coas empresas do sector sendo máis eficiente.

Investimentos solicitados: maquinaria de impresión offset.

Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413.-Creación, ampliación e modernización de Pemes. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 157.300.-€ (130.000.- € sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 66,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,50 % e unha axuda de 48.750€.

A partir do 1 de xullo de 2014 e debido á aplicación do novo mapa de axudas rexionais á porcentaxe máxima de axuda baixaría ata o 35%. Por outra banda a axuda máxima dun proxecto produtivo da Asociación Mariñas – Betanzos é de 40.000 euros.

Polo que a este proxecto correspóndelle 40.000€, 35% sobre o orzamento solicitado e aceptado

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3. RECUPERACIÓN MELLORA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL DE PENA FURADA (COIRÓS) (L15-41300-29-315).

Con data 27 de marzo de 2015, o Concello de Coirós solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-315 Recuperación, mellora e posta en valor do patrimonio cultural de Pena Furada (Coirós). O obxecto deste proxecto é dar a coñecer e explicar un espazo histórico singular, de modo que sexa un elemento máis dentro das rutas culturais do Concello e da Reserva da Biosfera Mariñas-Coruñesas e Terras do Mandeo, xerando así fluxos de turismo cultural que poidan diversificar a oferta e potenciar outros sectores da actividade comercial do Concello e da Comarca.

Investimentos solicitados: Posta en uso público do xacemento arqueolóxico de Pena Furada.

Este proxecto non produtivo ten cabida na medida 413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (V conservación e mellora do patrimonio rural do Réxime de Axudas do Programa Leader).

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 25.416,05.- € (21.005.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 72 %. Este proxecto é de prioridade media polo que a porcentaxe de axuda máximo é do 70% e a axuda ascende a 14.703,50.-€

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.4. CREACIÓN ÁREA TEMÁTICA DE CRENDES “O BOSQUE ANIMADO” (L15-41300-29-316).

Con data 30 de marzo de 2015, o Concello de Abegondo solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-316 Creación área temática de Crendes “O Bosque animado”. O obxecto deste proxecto é a creación dun área temática e recreativa en Crendes “El Bosque animado”. Este área ubicarase na parroquia de Crendes onde está a Fraga na que se inspirou Wenceslao Fdez Flórez na súa obra “O Bosque animado”. Preténdese ofrecer un servizo recreativo tendo en conta imaxes da película para que os nenos teñan un maior disfrute do parque.

Investimentos: tobogán-carballo; paneis-árbores.

Este proxecto non produtivo ten cabida na medida 413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida-IV Servizos para a economía e a poboación rural- Infraestruturas de lecer do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 41.090.- € (20.545.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 72 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 79 % . Este proxecto é de prioridade baixa polo que a porcentaxe de axuda máximo é do 50% e a axuda ascende a 20.545.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.5. MELLORA COMERCIALIZACIÓN DE OVOS CAMPEIROS (L15-41100-29-322).

Con data 30 de marzo de 2015, Rodrigo González Rodríguez, solicita unha axuda para o proxecto “L15-411-29-322 Mellora comercialización ovos campeiros”. O promotor do proxecto é unha persoa moza que conta cunha explotación agraria que foi do seu pai e quere acondicionar o local para adecuar os ovos para a súa comercialización.

Con este proxecto, o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego.

Investimentos do proxecto: obra civil de acondicionamento do local.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal. 3.- Aumento do valor engadido dos produtos agrarios do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 25.000.- € (20.661,16.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 47,66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 33,83 % e a axuda ascende a 6.989,67.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.6. DINAMIZACIÓN SECTOR AGROFORESTAL EN CARRAL II (L15-41300-29-319)

Con data 30 de marzo de 2015, Agroforestal Candal S.L. solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-319 Dinamización sector agroforestal en Carral II”. A entidade promotora do proxecto, Agroforestal Candal S.L. é unha empresa de servizos agrícolas forestais situada en Carral.

Necesita contar con máis maquinaria para prestar novos servizos.

O obxecto deste proxecto promovido por esta empresa en fase de ampliación, sería a adquisición dunha máquina desbrozadora e unha trituradora. Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego pero sí a consolidación dos existentes.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413.-Creación, ampliación e modernización de Pemes. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 72.320,01.- € (59.768,60.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 47 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 33,50 % e unha axuda de 20.022,48.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.7. PLANTACIÓN DE AGUACATE, INVERNADOIRO E PUNTO DE VENDA AO PÚBLICO (L15-41300-29-320)

Con data 30 de marzo de 2015, Plantas Piadela S.L. solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-320 Plantación aguacates, invernadoiro e punto de venda ao público”. A entidade promotora do proxecto, Plantas Piadela, S.L. é un viveiro de árbores e arbustos ornamentais que desenvolve a súa actividade como maiorista surtindo a empresas de xardinería entre outras.

O obxecto deste proxecto é ampliar a produción incorporando a plantación de árbores de aguacate.

Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego pero sí a consolidación dos existentes.

Investimentos solicitados: adquisición arbol de aguacate (variedade Hass Patron Dusa), invernadoiro e rego.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal. Investimentos do sector agrario.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 29.826,96.- € (24.650,38.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 52,66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 36,33 % e unha axuda de 8.955,48.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.8. AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN EMPRESA MADEREIRA. MADERAS GESTAL (L15-41300-29-323)

Con data 30 de marzo de 2015, Maderas Gestal, S.L. solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-322 Ampliación e modernización empresa madereira en Oza”. A entidade promotora do proxecto, Maderas Gestal, S.L. é unha empresa familiar que conta cun serradoiro no Concello de Oza-Cesuras dende o ano 1980. A súa actividade é a explotación forestal e o serradoiro.

O obxecto deste proxecto promovido por esta empresa consolidada en fase de ampliación, sería a adquisición dunha máquina canteadora para o canteado dos taboleiros, xunto coa adquisición dunha máquina múltiple para a transformación dos taboleiros en cuadrado. A xustificación desta compra sería producir máis cantidade de metros de fabricación cada día por ser máis máquinas máis rápidas e precisas, co conseguinte aumento ao final de ano da produción.

Investimentos solicitados: Máquina canteadora e máquina para facer cuadrado. Con este proxecto a promotora non adquire o compromiso de creación de emprego pero si a consolidación dos mesmos.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413.-Creación, ampliación e modernización de Pemes. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 164.186,41€ (135.685,91.- € sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 55 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,50 % e unha axuda de 45.500€.

A partir do 1 de xullo de 2014 e debido á aplicación do novo mapa de axudas rexionais á porcentaxe máxima de axuda baixaría ata o 35%. Por outra banda a axuda máxima dun proxecto produtivo da Asociación Mariñas – Betanzos é de 40.000 euros.

Polo que a este proxecto correspóndelle 40.000€, 35% sobre o orzamento solicitado e aceptado.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.9. AMPLIACIÓN EMPRESA AGRÍCOLA-GANDEIRA EN ARANGA (L15-41300-29-328)

Con data 30 de marzo de 2015, Manuel Filgueiras Paz solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-328 Ampliación empresa agrícola-gandeira en Aranga”. O promotor do proxecto é unha persoa física que conta cunha pequena empresa de prestación de servizos agrarios e gandeiros. Está no réxime fiscal de autónomos.

O obxecto deste proxecto é a compra dunha picadora, coa finalidade de prestar servizos ás explotacións agrarias, ofrecendo unha nova máquina con melloras técnicas para poder ofrecer de recollida de colleitas podendo así ser máis competitiva e poder chegar a ofrecer os seus servizos ao maior número de explotacións do territorio.

Investimentos solicitados: Picadora. Con este proxecto o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego pero si a consolidación dos existentes.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. II Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 72.600.- € (60.000€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 54 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37 % e unha axuda de 22.200€.

A partir do 1 de xullo de 2014 e debido á aplicación do novo mapa de axudas rexionais á porcentaxe máxima de axuda baixaría ata o 35%., polo que a este proxecto correspóndelle 21.000€ de axuda.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.10. AUMENTO E DIVERSIFICACIÓN DA PRODUCCIÓN PUERTAS BETANZOS S.L. (L15-41300-29-314)

Con data 27 de marzo de 2015, Puertas Betanzos S.L. solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-314 Aumento e diversificación da produción de Puertas Betanzos S.L.”. A entidade promotora do proxecto adícase á fabricación de portas e fiestras de madeira e que conta cun establecemento en Montesalgueiro.

A empresa investirá nunha liña de prensado continuo para debobinar a dúas caras, unha máquina CNC específica para mecanizar marcos, unha recubridora de chapa e liña de montaxe e de embalaxe de portas. Con este proxecto vai aumentar a capacidade produtiva e fabricar novos produtos empregando novos procesos.

Investimentos solicitados: liña de montaxe e maquinaria

Con este proxecto o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego pero si a consolidación dos existentes.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. II. Ampliación de PEMES do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 108.337,35.- € (89.535€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 49 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 34,5 % e unha axuda de 30.880,57€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.11. AMPLIACIÓN EMPRESA SERVICIOS AGRARIOS EN ARANGA (L15-41300-29-308)

Con data 12 de marzo de 2015, Miguel Angel Fontela García solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-308 Ampliación empresa de servizos agrarios en Aranga”. O promotor do proxecto é unha persoa física que conta cunha pequena empresa de prestación de servizos agrarios e gandeiros cun equipamento moi básico.

Na actualidade necesita contar cun remolque autocargador para efectuar novas tarefas. Non conta cun remolque autocargador que lle facilite o traballo diario.

Investimentos solicitados: remolque autocargador

Con este proxecto o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. II. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 105.000.- € (86.776,86 € sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 54 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37%.

A partir do 1 de xullo de 2014 e debido á aplicación do novo mapa de axudas rexionais á porcentaxe máxima de axuda baixaría ata o 35%, polo que a este proxecto correspóndelle 30.371,90.-€ de axuda.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.12. INCORPORACIÓN NOVA TÉCNICA DE PRODUCCIÓN NO SECTOR GANDEIRO (L15-41100-29-305)

Con data 02 de marzo de 2015, Manuel Alberto Folgar Candamio solicita unha axuda para o proxecto “L15-411-29-305 Incorporación nova técnica de produción no sector gandeiro”. O promotor do proxecto é unha persoa física que conta cunha explotación gandeira de leite de vacún

Con este proxecto pretende incorporar unha nova técnica de produción non existente no territorio Mariñas-Betanzos e que considera necesaria para incrementar a alimentación do gando pola noite. Quere adquirir unha máquina de arrimado da alimentación e deste xeito facilitar a inxesta de alimentos e polo tanto un incremento da produción e dos beneficios da explotación.

Investimentos solicitados: máquina de arrimado.

Con este proxecto o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal. Introducción novas técnicas de produción do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 18.755.- € (15.500 € sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 59 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 39,50 % e unha axuda de 6.122,50€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.13. CREACIÓN RESTAURANTE EN ABEGONDO (L15-41300-29-306)

Con data 06 de marzo de 2015, Felix Rico Beade solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-306 Creación restaurante en Abegondo”. O promotor do proxecto é unha persoa física que cando era mozo xestionou varios proxectos de hostalería e polo tanto conta con ampla experiencia no sector. A sala de festas e de eventos a “Flor de Montouto” que tivo moito auxe no territorio e que xestionou xunto coa súa familia, quere poñela de novo en funcionamento para o cal vai contar coa colaboración da súa nora e fillo que van continuar coa labor emprendida polo seu pai.

Con este proxecto quere incorporar una cociña e un comedor na sala para ofrecer un servizo de restauración no territorio con produtos do territorio. Posteriormente adaptará o local para ofrecer un servizo de sala de festas e entretemento.

Investimentos solicitados: Construción cociña e comedor do restaurante.

Con este proxecto o promotor adquire o compromiso de creación dun emprego, muller.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Creación de PEMES do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 183.503,82- € (151.656,05- € sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 74,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45 %. A partir do 1 de xullo de 2014 e debido á aplicación do novo mapa de axudas rexionais á porcentaxe máxima de axuda baixaría ata o 35% e o importe máximo de axuda ascende a 40.000€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.14. PLANTACIÓN DE AGUACATE EN AS MARIÑAS (L15-411-29-317).

Con data 30 de marzo de 2015, Lúpulo Gallego S.L. solicita unha axuda para o proxecto “L15-411-29-317 Plantación de aguacates en As Mariñas. O obxecto deste proxecto é ampliar a produción incorporando a plantación de árbores de aguacate.

Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego pero si a consolidación dos existentes.

Investimentos solicitados: adquisición arbol de aguacate (variedade Hass Patron Dusa), invernadoiro e rego. Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal. Investimentos do sector agrario.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 21.026,37.- € (17.377,16.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 71,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 40 % e unha axuda de 6.950,86€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.15. CREACIÓN MICROCERVEXERÍA ARTESÁN EN ARTEIXO (L15-41300-29-313)

Con data 26 de marzo de 2015, Rosalía Pichel Garrido solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-313 Creación microcervexería artesán en Arteixo”

Estase á espera de recibir documentación.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER, unha vez recibida a documentación por parte da promotora.

2.1.16. REXENERACIÓN AMBIENTAL E ADECUACIÓN DO MONTE DA ESPENUCA (L15-41200-29-321).

Con data 30 de marzo de 2015, a Fundación Fragas do Mandeo solicita unha axuda para o proxecto “L15-413-29-321 Rexeneración ambiental e adecuación do monte da Espenuca”. O monte da Espenuca é un popular miradoiro natural na Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, lamentablemente degradado pola plantación descontrolada de eucaliptos.

A Fundación e baixo convenio co Concello de Coirós, pretende reforestar para rexenerar ecolóxica e paisaxisticamente como bosque autóctono pluriespecífico, unha parcela de 16.846 m² de extensión e adecuala para que as visitas poidan percorrela. O obxectivo directo do proxecto é mellorar a paisaxe do monte e restaurar o hábitat natural.

Investimentos: traballos de reforestación do bosque.

Este proxecto non produtivo ten cabida na medida 412.-Mellora medioambiental e do contorno rural do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 11.000 € con IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 89 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 98,79% . Este proxecto é de prioridade alta e a axuda ascende a 10.866,90.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.17. AMPLIACIÓN ACTIVIDADE COOPERATIVA DE LÚPULO DE GALICIA (L14-411-29-265).

Con data 15 de abril de 2014, Lúpulo Tecnología de Galicia S.C.G. solicita unha axuda para o proxecto “L14-411-29-265 Ampliación actividade de Lúpulo de Galicia. A entidade promotora do proxecto é a sociedade cooperativa (LUPULO TECNOLOGÍA DE GALICIA S.C.G.) que se constitúe para adicarse principalmente á plantación, transformación e comercialización de lúpulo.

Con este proxecto vaise introducir novas técnicas de corte para a produción de novas variedades de lúpulo (Perle, Sladek, Cascade, Merkur) que non tiñan presenza no sector produtivo de Galicia. Por outra banda vaise mellorar a comercialización dado que deste xeito pode chegar a novos clientes no mercado da industria cervecera a pequena escala.

Investimentos do proxecto: Máquina peladora de lúpulo e a elaboración do manual de APPCC de cultivo de lúpulo. Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal. 1.-Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 11.011.- € (9.100.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 56,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 38,43 % e unha axuda de 3.497,13€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER, unha vez recibida a documentación por parte da promotora.

2.2 . ACTIVACIÓN PROXECTOS FAVORABLES DE AGADER

2.2.1. AMPLIACIÓN DE EMPRESA DE MADEIRA E DERIVADOS NO CONCELLO DE BETANZOS (L14-41300-29-0272)

Con data 13 de maio de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Ampliación empresa de madeira e derivados no Concello de Betanzos”. Con data 31 de marzo de 2015 recíbese o Informe de Control de Elixibilidade favorable de Agader. A entidade promotora do proxecto é a sociedade limitada Visecorsa que adícase ao comercio ao por maior de viruta para uso maioritariamente gandeiro.

Con este proxecto incorpora unha nova actividade no serradoiro: aserrado e preparado industrial da madeira, dándose de alta no epígrafe 461. Adquire unha plataforma para o transporte da madeira. Con este proxecto o promotor quere ampliar a súa actividade e deste xeito contribuír a consolidar a empresa. A entidade promotora adquire o compromiso de manter os empregos consolidados en expedientes anteriores (consolidación de 7,56 UTAS, incluído o emprego autónomo e creación de 2 UTAS); e con este proxecto creará o equivalente a 0,25 empregos, colectivo desfavorecido.

Ten cabida na medida 413.”Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida, do Réxime de Axudas do Programa Leader. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 118.580.-€ (98.000.- € sen IVE). O proxecto acadou unha puntuación de 55,91 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 35 % (34.300.-€) sobre un orzamento elixible de 98.000.-€.

A Xunta Directiva acorda a resolución favorable e que sexa remitida a AGADER.

2.2.2. IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA DIXITAL PARA PERSOAS ADULTAS CON AUTISMO (L14-41300-29-0280)

Con data 8 de xullo de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Implantación dunha plataforma dixital para persoas adultas con autismo”. Con data 1 de abril de 2015 recíbese o Informe de Control de Elixibilidade favorable de Agader. A entidade promotora do proxecto ASPANAES, implantará unha plataforma dixital, para facilitar o acceso das persoas adultas con autismo ás novas tecnoloxías e dotarlles de aprendizaxes e de competencias que promovan a súa integración sociodixital-prelaboral.

Este proxecto de carácter non produtivo proporcionará ás persoas con autismo oportunidades de accesibilidade ás TICS dotándoas de competencias que promovan a súa integración sociodixital e itinerarios prelaborais. A poboación beneficiaria do proxecto está constituída por 25 persoas adultas cunha franxa de idade entre 16 e 59 anos e cun diagnóstico enmarcable en Transtornos de Espectro Autista (TEA).

Os investimentos van dirixidos á compra da Plataforma Dixital (Aspanaes.net) e ao equipamento informático necesario (ordenadores, monitores e tablet).

Ten cabida na medida 413.”Servizos para a economía e a poboación rural”, do Réxime de Axudas do Programa Leader. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 20.770,99 .-€. O proxecto acadou unha puntuación de 49 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 52,15 % (10.832,07.-€) sobre un orzamento elixible de 20.770,99.-€.

A Xunta Directiva acorda a resolución favorable e que sexa remitida a AGADER.

2.2.3. MELLORAS E AFORRO ENERXÉTICO NA MAQUINARIA AGRÍCOLA EN COMÚN PARA AS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (L14-41300-29-279)

Con data 30 de xuño de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Melloras e aforro enerxético na maquinaria agrícola en común para as explotacións gandeiras”. Con data 12 de marzo de 2015 recíbese o Informe de Control de Elixibilidade favorable de Agader.

Con data 13 de marzo de 2015, o entidade da Cooperativa Aranxes, S.C.G. solicita un cambio no investimento inicialmente solicitado dado que a cooperativa prefire rendabilizar a picadora Claas Jaguar adquirida no ano 2011 antes de proceder a comprar unha nova; en cambio necesitarían adquirir dous cabezais con tecnoloxía máis avanzada para facer máis eficiente o servizo, antes de adquirir unha nova picadora. Os cambios solicitados non afectan a baremación e polo tanto a porcentaxe de axuda inicial solicitada. Agader autorizou a modificación deste ICE o día 1 de abril de 2015.

Con este proxecto pretende modernizar o equipamento da Cooperativa e mellorar a eficiencia na prestación de servizos, necesitando contar con dous cabezais para a picadora actual e deste xeito aforrar custos enerxéticos das explotacións agrarias, coa finalidade de optimizar recursos, mellorar as producións e a calidade de vida dos agricultores.

Ten cabida na medida 413.”Servizos para a economía e a poboación rural”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 135.762 .-€. O proxecto acadou unha puntuación de 54 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 37,63% %. A partir do 1 de xullo de 2014 e debido á aplicación do novo mapa de axudas rexionais á porcentaxe máxima de axuda baixaría ata o 35%.

A este proxecto corresponderíalle unha axuda de 39.375 euros sobre un orzamento elixible de 112.200 euros.

A Xunta Directiva efectuará a proposta de resolución favorable para que Agader proceda á emisión da resolución de concesión da axuda.

O día 1 de abril de 2015 a Cooperativa Galega Aranxes, presenta a desistencia da solicitude de axuda, sendo comunicada a AGADER.

A Xunta Directiva acorda o peche deste expediente e que sexa comunicado a AGADER.

2.3. PROPOSTA DE PECHE DOS PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER

2.3.1.-AMPLIACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN AGRARIA EN ABEGONDO (L13-41100-29-0246)

Con data 29 de agosto de 2013 a promotora Judith García Andrade, solicita unha axuda para o expediente “L13-41100-29-246 Ampliación dunha explotación agraria en Abegondo”. Con data 02 de abril de 2014 solicitouse a Agader o Informe de Control de Elixibilidade.

Con data 26 de febreiro de 2015, recíbese de Agader o informe desfavorable por “*non considerar que exista unha explotación agraria recoñecida formalmente dado que se deu de alta en autónomos con data posterior á solicitude de axuda e ademais os investimentos solicitados non se considera que aporten innovación nos métodos de produción xa que se trata de apeiros ou equipamentos comúns na totalidade de empresas agrarias hortícolas de Galicia*”.

A Xunta Directiva mostrou a súa disconformidade, tal e como quedou reflectido na acta da Xunta Directiva do día 9 de marzo, coas alegacións efectuadas por Agader respecto a verificación do ICE desfavorable polos seguintes motivos:

1. A promotora Judith García Andrade contaba co Código de Explotación Agraria dende o 17 de xullo de 2013, xúntase documento de Inscripción no REAGA. Esta data é anterior a solicitude de axuda.
2. A solicitude de axuda pertence a convocatoria do Programa Leader 2007-2013, antes da entrada en vigor do novo Réxime de Axudas. Neste novo Réxime de Axudas (2014-2015) se especificada que o código de explotación e o recibo de autónomos tería que ter unha antigüidade dun ano para poder ser beneficiaria da axuda. O criterio seguido na anterior convocatoria era que se consideraba explotación agraria se o Código de Explotación era anterior á solicitude de axuda polo que a promotora cumpriría este requisito dado que a solicitude de axuda foi efectuada no ano 2013.
3. Por outra banda enviáronse tamén facturas de adquisición de sementes efectuadas pola promotora antes da solicitude de axuda o que xustifica a existencia de actividade agraria da promotora antes da solicitude de axuda.
4. Respecto a innovación do equipamento solicitado, dicir que dado que a promotora vai producir en ecolóxico, ademáis de incorporar abonado con materia orgánica e loita biolóxica con plantas, vai a efectuar a comercialización na propia explotación, entendendo isto como unha innovación. A produción en ecolóxico é moi excasa no territorio polo que sería un proxecto innovador.

A Xunta Directiva acordou que foran enviadas estas alegacións a AGADER solicitando que este expediente sexa considerado como favorable. Estas alegacións foron enviadas a AGADER polo equipo técnico o día 26 de marzo de 2015.

O día 1 de abril ten entrado no rexistro do GDR Mariñas Betanzos, ten entrado a verificación do ICE reiterando o carácter desfavorable, baseado en que non se cumpre o requisito imprescindible de mellorar unha explotación agraria existente.

A Xunta Directiva acorda o peche deste expediente e a súa comunicación a AGADER.

2.4. PROPOSTA PECHE EXPEDIENTE POR DESISTIMIENTO DOS PROMOTORES.

2.4.1. AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVICIOS NAUTICOS (L14-413-29-300).

Con data 03 de decembro de 2014 a entidade Altavela servizos nauticos S.L. solicita unha axuda do Programa Leader para ampliar os servizos da súa empresa.

Con data 08 de abril de 2015 comunica a súa desistencia.

A Xunta Directiva acorda o peche deste expediente.

2.4.2. CREACIÓN CENTRO REHABILITACIÓN EQUINA (L15-413-29-310)

Con data 18 de marzo de 2015, Antia Soto Suarez solicita unha axuda do Programa Leader para crear un centro de rehabilitación equina.

Comunica a súa desistencia, aínda que está pendente de presentación da desistencia da axuda.

A Xunta Directiva acorda o peche deste expediente.

3. INFORME DE ACTIVIDADES

3.1. XORNADAS DESENVOLVIDAS

3.1.1. OPORTUNIDADES DE EMPRENDEMENTO RURAL: A PRODUCCIÓN DE CEBOLA DE BETANZOS E CHATA DE MIÑO

O 13 de abril de 2015, coa colaboración de CaixaBank de Carral, organizouse no Salón de Actos do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo esta xornada deseñada co obxectivo de identificar as oportunidades que representan as producións de ecotipos locais de cebola para a xeración de iniciativas de emprendemento, ligadas á posta en valor das terras agrarias abandonadas. Pódese descargar a memoria desta xornada na páxina web da Asociación.

3.2. PROPOSTA PROGRAMA DE VOLUNTARIADO 2015-2017

A Asociación Mariñas – Betanzos está inscrita no Censo de entidades de acción voluntaria de Galicia co número de rexistro O-605, dende o ano 2011. Para tal fin tense elaborado un Programa de Voluntariado para a Asociación Mariñas Betanzos.

No momento de elaborar este Programa a Asociación estaba no proceso de candidatura da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, polo que se ten elaborado para o período 2015-2017 un novo Programa de Voluntariado para a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo con novas actividades e accións concretas para ofertar ás persoas voluntarias.

Tense enviado como anexo “Programa de Voluntariado Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” a todos os membros da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva aproba este novo Programa de Voluntariado, e solicitará proxectos para a súa posta en marcha.

3.3. PROPOSTA ESTUDO COSTES XESTIÓN LIXO RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO.

Propónse que a Secretaría Xeral de Avaliación e Calidade Ambiental da Xunta de Galicia poña en marcha no territorio de Mariñas – Betanzos o Estudo de Costes de Lixo da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. O estudo consistiría en analizar as características territoriais dos concellos pertencentes á Reserva da Biosfera en canto a residuos (ratios de produción; composición da bolsa de lixo; ratios de conteneración; ordenanzas fiscais; taxas de actividades económicas; análise do padrón do lixo; ingresos obtidos pola aplicación de taxas...).

Este estudo de taxas realizaríase para os diferentes tipos de abonados (viviendas e locais comerciais, industrial, etc...).

Propónse a Xunta Directiva que persoal técnico da Asociación Mariñas Betanzos recompila a información en coordinación cos concellos, co obxecto de que Ecoembes faga o estudo cos datos que sexan enviados e sexan o máis fiable posible.

O representante da Asociación Cultura Aberta de Carral, Lois Anxo Ferreiro comenta aos asistentes que estando nun territorio catalogado como Reserva da Biosfera, non se pode permitir a cantidade de vertedoiros incontrolados que existen no territorio.

Juan Manuel Neira, da Sociedade Galega de Historia Natural, a este respecto, que se deberían facer máis actuacións de sensibilización.

José Francisco Castro Vilariño, fai mención do exemplo da Reserva da Biosfera de La Palma, que teñen un Modelo de Xestión de Residuos na Reserva da Biosfera.

Por outra banda, o xerente da Asociación, Jorge Blanco informa aos asistentes que dende a Mesa de residuos do sector agrario estase a traballar sobre problemas ligados a puríns e lodos de depuradora.

Lois Anxo Ferreiro, incide en que se debería empezar por crear primeiramente un Modelo de Xestión de Residuos na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A representante de Roxín Roxal, Sabela Iglesias, pregunta sobre o funcionamento de recollida de plásticos agrarios, ao que María José Crespo da Confraría de Pescadores de Miño, resposta que a día de hoxe non se están recollendo, que antes había un lugar onde se botaban os plásticos e pagaban pola recollida dos mesmos.

A Patroa maior da Confraría de Pescadores de Miño, M^a José Crespo, informa que existe un Plan de Residuos Agrarios, pero que descoñece o seu funcionamento, ao que o Xerente da Asociación informa que neste Plan participou un membro do Comité Científico da Reserva da Biosfera, Juan Castro Insua do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

A Xunta Directiva acorda que persoal técnico da Asociación Mariñas Betanzos recompila a información en coordinación cos concellos, co obxecto de que Ecoembes faga o estudo cos datos que sexan enviados e sexan o máis fiable posible, coa intención de ir abordando esta liña de traballo.

3.4. PROPOSTAS ENVIADAS Á FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD 2015

3.4.1. XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL NA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO.

Na semana do 13 de abril foi enviada á Fundación Biodiversidade 2015 o proxecto “**Gestión integrada del litoral en la Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**”, na Convocatoria de concesión de axudas da Fundación Biodiversidad, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade mariña e litoral, o cambio climático e a calidade ambiental 2015. Este proxecto pretende mellorar o estado de conservación ambiental e a viabilidade socioeconómica da ría de Betanzos mediante a posta en marcha dun proxecto de xestión integrada do litoral, promovido pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O obxectivo xeral sería deseñar de forma participativa unha estratexia de xestión integrada do litoral que contribúa á conservación da biodiversidade, a conectividade de hábitats e fomenta os usos e actividades compatibles da ría de Betanzos, incluída no LIC “Betanzos-Mandeo” (Rede Natura 2000) dentro da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Actividades previstas

1. Elaboración dunha diagnóstico técnica que incorpore a participación local sobre o estado de conservación dos ecosistemas da ría de Betanzos e das presións e usos aos que se ve sometida.
2. Realización dun espazo web para a difusión do proxecto, dos documentos e resultados que deste se extraían e dun Visor Web (WMS) accesible á cidadanía.
3. Creación dunha Comisión técnica dentro da Reserva de Biosfera sobre a Xestión Integrada do Litoral.
4. Deseño dunha estratexia por parte dos axentes locais que garante o desenvolvemento sostible da ría de Betanzos.
5. Organización de dous seminarios sobre experiencias en programas de xestión integrada do litoral.

6. Elaboración dun documental e unha exposición sobre a cultura e historia mariñeira desta zona da Reserva de Biosfera.
7. Organización dun concurso de contos infantís sobre os valores históricos, culturais e ambientais da ría entre alumnos de centros educativos do ámbito do proxecto.
8. Posta en marcha dun programa de voluntariado ambiental.
9. Edición de materiais divulgativos para a concienciación do valor e riqueza da Ría.
10. Organización dun concurso gastronómico con produtos mariñeiros na hostalería da zona.
11. Promoción dunha marca identificativa para os produtos pesqueiros e marisqueiros dentro da marca “Reserva de Biosfera”.

3.4.2. PROGRAMA DE PARTICIPACIÓN AMBIENTAL PARA O SEGUIMENTO FENOLÓXICO E DO ESTADO DA BIODIVERSIDADE NAS RRBB GALEGAS.

Na semana do 13 de abril foi enviada polo CEIDA á Fundación Biodiversidade 2015 o proxecto “Programa de Participación ambiental para o seguimento fenolóxico e do estado da biodiversidade nas RRBB Galegas”, no seo da Convocatoria de concesión de axudas da Fundación Biodiversidad, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade mariña e litoral, o cambio climático e a calidade ambiental 2015.

Os obxectivos deste proxecto promovido polo Centro de Divulgación Ambiental Galicia (CEIDA) son:

- Avaliar os efectos do cambio climático nas Reservas da Biosfera galegas a través do estudo fenolóxico de diferentes especies de aves, invertebrados e vexetais.
- Fornecer a participación cidadá en proxectos de seguimento ambiental e nomeadamente nas Reservas da Biosfera galegas.
- Aumentar o grao de coñecemento sobre aspectos naturais das Reservas da Biosfera na cidadanía e sobre os impactos do cambio climático neles.
- Sensibilizar sobre a problemática do cambio climático a través de programas de participación ambiental, e da necesidade de estratexias de adaptación e mitigación.

Accións previstas:

1. Adhesión de todas as Reservas da Biosfera Galegas ao Programa de Seguimento Fenolóxico da Rede Española de Reservas de Biosfera.
2. Programa de participación ambiental nos territorios das Reservas da Biosfera Galegas sobre o seguimento fenolóxico.
3. Formación presencial nas Reservas da Biosfera Galegas.
4. Plataforma para a formación on-line aberta e gratuíta.
5. Programa de participación específica para centros educativos.
6. Comunicación do Programa.

3.5. AVANCES PLAN ALIMENTARIO RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

3.5.1. REUNIÓN MESAS TEMÁTICAS DE FORMACIÓN, ASESORAMENTO E INNOVACIÓN DO PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DA BIOSFERA

O 19 de marzo celebrouse na Fundación Juana de Vega, unha xuntanza das mesas temáticas de formación, asesoramento e innovación do Plan Alimentario da Reserva da Biosfera.

O informe coas conclusións obtidas nesta xornada de traballo entre os asistentes pódese descargar no seguinte enlace: <https://biosferamarinasbetanzos.wordpress.com/comision-tecnica/>

Está prevista para finais deste mes de abril unha nova reunión da Comisión Técnica do Plan Alimentario co obxecto de detallar os avances nas actuacións do proxecto da Fundación Biodiversidade e presentar o borrador do Plan Alimentario 2014-2017.

3.5.2. INICIATIVA DE PRODUCCIÓN DO CONSUMO DE PRODUTOS ECOLÓXICOS NOS CENTROS ECOLÓXICOS DA RESERVA DE BIOSFERA.

PLAN ALIMENTARIO: INICIATIVA DE PRODUCCIÓN DO CONSUMO DE PRODUTOS ECOLÓXICOS NOS CENTROS ECOLÓXICOS DA RESERVA DE BIOSFERA.

O 16 de abril tuvo lugar no comedor do CEIP de Curtis, serviuse un menú ecolóxico con produtos da Reserva de Biosfera. O menú constaba de: sopa de verduras, albóndegas con arroz e xeados. Trátase dunha iniciativa piloto que pretende consolidarse nos próximos meses neste e outros colexios da Reserva de Biosfera con os que se ten falado. O menú está sufragado desde o colexio con o presuposto diario do que dispoñen, como punto de partida para demostrar a viabilidade económica do consumo de produtos ecolóxicos desde os colexios.

Ademais, nesta xornada se levou a cabo un taller cós 70 alumnos do centro para divulgar os principios da Reserva de Biosfera e os beneficios do consumo de produtos ecolóxicos. Neste caso contamos con a colaboración dun representante do CRAEGA.

Nesta iniciativa participaron os seguintes produtores e transformadores ecolóxicos da Reserva da Biosfera: Finca Bouzón (Curtis), Revolta na horta (Carral), A horta de Ana (Carral), La huerta de la Almuzara (Abegondo), Iván Lata Rodríguez (Oza- Cesuras), José María Hernández Hernández (Oza- Cesuras), O lugar de Vilariño (Oza- Cesuras), Granxas de Lousada (Irixoa), Orballo (Paderne), Biofactory (Oleiros).

3.6. AVANCES ZONAS PILOTO PRODUCTORES DE HORTA

No proxecto do Plan Alimentario da Reserva da Biosfera, que conta co apoio da Fundación Biodiversidad, estase traballando na dinamización de terras para a posta en produción das mesmas. Neste senso tense iniciado contacto con axentes do territorio para a dinamización das terras infrautilizadas na zona da Rectoral de Bribes no Concello de Cambre.

Proximamente está prevista unha xuntanza cos propietarios de terras desta zona, que xa non están en activo na actividade agraria, co obxecto de levar a cabo un proxecto piloto de apoio aos emprendedores de horta ecolóxica procedentes do Programa Integrado de Emprego. Traballaríase cos propietarios das diferentes fincas da zona desta Rectoral, para establecer as condicións de uso das parcelas e estudarase a viabilidade da posta en marcha do proxecto.

4. ACTIVIDADES E CONTAS DO ANO 2014 E CONVOCATORIA DE ASSEMBLEA XERAL: PROPOSTA DE DATA E FIXACIÓN DA ORDE DO DÍA.

Preséntanse as actividades e contas do ano 2014, así como o orzamento para o ano 2015 para a súa aprobación. Os asistentes a esta reunión de Xunta Directiva acordan a realización da Asemblea Xeral Ordinaria para o vindeiro 7 de maio de 2015 ás 19.00 horas en primeira convocatoria e ás 19.30 horas en segunda, no Salón de actos do Local Social de A Senra do Concello de Bergondo.

Os puntos na Orde do día para a Asemblea Xeral Ordinaria acordados son: 1) Aprobación das actividades e das contas anuais do ano 2014; 2) Actividades e aprobación orzamento para o ano 2015; 3) Plan de Xestión da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”; 4) Solicitud de declaración da Asociación como entidade de Utilidade Pública 5) Inicio reflexión dunha nova forma xurídica da Asociación 6) Programa LEADER 2014-2020 7) Suxestións e preguntas.

A Xunta Directiva aproba por unanimidade as actividades e contas do ano 2014, así como o orzamento para o ano 2015 e que sexa presentado en Asemblea Xeral para a súa ratificación por todas as entidades asociadas.

4.1. PROPOSTA DISOLUCIÓN ASOCIACIÓN TERRA DAS MARIÑAS

A proposta do representante do Concello de Oleiros, proponse á Xunta Directiva a celebración dunha Asemblea Xeral de socios de Terra das Mariñas para proceder á súa disolución, que podería aproveitarse para celebrarse o mesmo día que a Asemblea Xeral de Socios de Mariñas – Betanzos.

A Xunta Directiva acorda que se celebre unha Asemblea Xeral Extraordinaria o día 7 de maio de 2015 ás 17 horas no Centro Sociocultural de A Senra en Bergondo, co único punto da orde do día Disolución da Asociación Terra das Mariñas e cese dos cargos de Xunta Directiva.

5. ÓRGANOS DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA. PROPOSTA REUNIÓN CONSELLO DE DIRECCIÓN E ORDE DO DÍA.

Proposta de reunión do Consello de Dirección (Orde do día):

1. Aprobación se procede, da acta da sesión anterior.
2. Situación actual do órganos de xestión da Reserva de Biosfera.
3. Actividades desenvolvidas 2014.
4. Proposta de actuacións para o ano 2015 e orzamento.
5. Resolución do Concurso de Ideas Logo da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
6. Adhesión á Rede de Biosferas de Galicia.
7. Suxestións e preguntas.

6. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.

6.1. Dende o GDR Mariñas Betanzos tense solicitado a AGADER axuda para desenvolver os seguintes proxectos, dos que está pendente a día de hoxe o ICE favorable de AGADER:

- Expediente L14-41300-29-0278 “novo servizo: viveiros de emprendimento hortícola”
- Expediente L14-41300-29-0287 para “novo servizo: viveiros de industrias agroalimentarias”;
- Expediente L14-41200-29-0302 para “posta en valor do patrimonio ambiental do territorio Mariñas-Betanzos”,

Para poder executar estes proxectos é necesario contar con financiamento, polo que a Xunta Directiva acorda que no momento que se teña resolución favorable de AGADER destes tres expedientes, e se teñan que executar para poder cobrar a subvención concedida, se solicite á entidade CaixaBank un contrato de crédito “Agroinversión” por importe de 120.771,56€ para poder levar a cabo estes tres proxectos.

A Xunta Directiva autoriza á Presidencia e a Secretaría para realizar os trámites oportunos para formalizar a póliza de crédito coa entidade bancaria.

6.2. Andrés Rodríguez, representante do Grupo Naturalista Habitat presenta aos asistentes a proposta de “Especie do Ano” para o 2015: *Chioglossa lusitanica* como especie do ano na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas-Terras do Mandeo 2015.

A saramaganta (*Chioglossa lusitanica*) é unha especie de anfibio con moitas particularidades que a fan ideal para convertirse en especie representativa da RB.

1) Distribución

Trátase dunha especie de distribución mundial moi restrinxida, existindo unicamente no noroeste da Península Ibérica.

2) Conservación

Trátase dunha especie considerada “vulnerable” en Galicia, legalmente protexida.

3) Hábitat

É unha especie ligada a hábitats ben conservados que conteñan i) regatos de certa pendente, ben oxixenados e non contaminados e ii) áreas de bosque caducifolio ben conservadas

4) Representación na RB

É unha especie ben representada na Reserva da Biosfera. Indicando os datos dispoñibles que aparece distribuída en case todo o territorio da RB

5) Indicadora de calidade

Ao depender, na fase larvaria, de correntes limpas, fai que sexa indicadora dun bo estado de conservación do medio, en especial de augas de calidade.

6) Interese científico

A relativa facilidade de localización (con técnicas axeitadas) e o descoñecemento detallado da súa distribución na Reserva, fan posible realizar tarefas sinxelas de estudo con voluntarios para aumentar o coñecemento sobre esta especie na Reserva.

A Xunta Directiva acorda esta Especie como “Especie do Ano 2015”

6.2. O Xerente da Asociación informa aos asistentes que este ano os recursos para realizar actividades están moi limitados, polo que informa aos representantes do Grupo Naturalista Habitat e Sociedade Galega de Historia Natural, que se está tramitando unha solicitude a través do Programa Iniciativa Xove 2015 onde se meterían actuacións da IV Semana da Custodia do Territorio; Especie do Ano 2015 e a Mostra de Viños e Produtos das Mariñas.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 21.15 horas.

En Abegondo, a 20 de abril de 2015

A Secretaria accidental
Asdo.: Dna. María José Crespo Fraga

Vº e prace Presidencia accidental
Asdo.: D. Aida Pérez Barredo